

# ASCENDENCIA E FAMILIA PRÓXIMA DE GARCÍA RODRÍGUEZ DE VALCARCE O DAS PONTES

Xosé L. Lamigueiro Fernández

## INTRODUCCIÓN

A historiografía galega ten adicado en distintas épocas traballos relacionados coas figuras de distintos persoeiros todos eles chamados de igual xeito: García Rodríguez de Valcarce, e identificados coa dignidade de “adiantado maior” de Galicia. Esta grande cantidade de individuos homónimos, dentro dunha mesma familia, levou en moitos casos á confusión entre eles; erros que foron copiados e reproducidos, conservando sempre a referencia ao “adiantamento”, de xeito que este foi mitificado e usado como fio conductor dunha historia nobiliaria chea de lagoas. Nin foron “adiantados” todos os García Rodríguez que están, nin están todos os García Rodríguez que foron.

O presente traballo pretende ordenar unha árbore lóxica dos Valcarce, facendo unha pequena recompilación de documentos orixinais relacionados coas figuras homónimas más representativas da liñaxe mais os seus parentes próximos. Foi empregado para isto principalmente o Cartulario de Santa María de Carracedo, mosteiro do Cister, fundado no Bierzo no século X polo rei Bermudo II, e que compartiu os días do nacemento e desenvolvemento posterior desta familia que o escollería no século XIV como lugar de enterramento. O estreito vínculo dos Valcarce co mosteiro permítenos facer un seguimento continuado da liñaxe e das relacións de parentesco entre seus membros, así como o seu “*cursus honorum*”, a través da numerosísima documentación do seu tombo, que abrangue praticamente dende finais do século X ao XVI. O cartulario foi transscrito por don Martín Martínez Martínez e publicado polo Instituto de Estudos Berciano, co patrocinio da Xunta de Galicia, no ano 1999. Incorpóransen ademais outros documentos menores, todos eles xa publicados, e relacionados coa etapa lucense da familia.

A Casa de Valcarce tivo unha relación de dobre vínculo cos Andrade de Pontedeume. Do matrimonio formado por Constanza García e Iohan Freire de Andrade nacerá García Rodríguez de Valcárcel, que chamaremos VI e que lle emprestou o apelido á Vila de Pontes do Uyme (As Pontes de García Rodríguez). Os seus descendentes directos, os condes de Lemos, tornarán a xunguir o seu sangue coa fusión dos estados Lemos/Andrade no século XVI.

## AS ORIXES FAMILIARES. OS FLAÍNEZ

Os Valcarce como liñaxe, áinda que pertencen ao grupo trastamarista promocionado tras o seu apoio á causa henriqueña no século XIV, fóra de pertencer ao grupo de cabaleiros que se veu upado de categoría, paradoxalmente comezaba o seu declive ou abaixamento. Para aproximármos á súa orixe temos que remontarnos até a fundación mesma do reino de León, xa que pertencen á estirpe de Flaínez<sup>1</sup>, que xeración tras xeración ocuparán as posesións más importantes do reino astur-leonés, especialmente nas terras do seu Bierzo natal. A liñaxe comeza cun lendario e epónimo Flaín<sup>2</sup>, glosado polo cronista árabe Ibn Hayyan, que foi partidario de Ramiro II na guerra fratricida que o enfrentou a Afonso IV. Estiveron emparentados dende o seu comezo coa Casa condal de Cea tras o casamento, antes do ano 947, do fillo de Flaín -chamado Munio Flaínez- con Froiloba Vermúdez, filla á súa vez de Vermudo Núñez e Árxilo, I condes desta Casa. Pertencían ao privilexiado grupo da máis alta nobreza leonesa, servidores e vasalos reais que coparán os postos más destacados da Corte. Deron a través do séculos X ao XIII, polas súas ramificacións, nacemento á maioría das grandes Casas bercianas: Osorio, Villalobos e Valcárcel; ou estiveron estreitamente relacionados coas que se asentarián na terra na época plenomedieval: Castros, Ponzos e Quiñones. Mais a “pérola” da familia Flaínez foi seren os devanceiros dos míticos dona Ximena e o “*Cidi*”<sup>3</sup>.

Non pretendemos ir máis aló ao remontármonos a esta liñaxe como antecesores dos Valcarce, xa que é dabondo coñecida e documentada a través de traballos que se ocuparon explicitamente dela. Mais o entronque do ramo dos Flaínez-Ramírez co primeiro García Rodríguez non deixa de presentar lagoas documentais, se ben é certo que cando os Ramírez se converten en Valcarces, estes seguen a ocupar os mesmos postos oficiais na Corte leonesa e herdan o control territorial que tiveron os primeiros nas posesións bercianas de Ulver, Vilafranca e Valcarce/r/l.

Os parentes próximos ao García Rodríguez que damos en chamar I, son en primeiro lugar o seu bisavó, o conde Ramiro, morto no 1170. Recibira na década dos anos vinte as posesións de Vilafranca, Ulver e Vilabona, no Bierzo. Entre 1124-1128 aparece tamén como tenente de Iorres, (Valdeorras) onde se manterá ata 1165. Foi tenente do Bierzo dende 1123 ao 1146, de 1155 ao 1156; no 1159 e de 1163 ao 1169; tenente de Astorga dende 1132 ao 1140, de novo entre 1145 e 1169; e de Ulver entre 1124 e 1169, ao que se lle engadirá a terra de Aguilar no 1137. Figura como conde dende 1139, ampliando os seus dominios con Cifuentes no 1140 e a posesión de León no 1141. Nesta época atopámolo como cónsul en Asturias, mandante en Ferreras e, nos anos cincuenta, tenente de Alba e Gordón. Foi alférez Real de Afonso VII entre 1132 e 1133, e conduciu as tropas leonesas na campaña de Almería<sup>4</sup>.

1. MARGARITA TORRES SEVILLA, “Linajes nobiliarios de León y Castilla”, siglos IX-XIII. Páxs: 133 á 166, datos xenéricos sobre os Flaínez, e páxs. 406 e 471 sobre a vinculación dos Valcárcel coa rama dos Flaínez-Ramírez. En adiante M.T.S “Linajes”.
2. Ao excelente traballo de Dna. Margarita Torres precedeuno “Los Flagínez; Una familia leonesa de hace mil años” de FRANCISCO DE CADENAS ALLENDE, que obvia ao lendario Flaín e comeza directamente co seu fillo Munio Flaínez. Páx.178.
3. M.T.S “Linajes”, páx. 143.
4. *Ibidem*, páxs. 161 á 166.

Casou tres veces: a primeira cunha dona chamada Inés, posibelmente da Casa de Armañac<sup>5</sup>, soterrada en San Isidoro de León; a segunda con Sancha e a derradeira con Elo Álvarez, filla de Álvar Fáñez e Urraca Pérez de Carrión. Destes matrimonios tivo por fillos a Froila, Afonso, Estefanía e García<sup>6</sup>.

Froila foi conde como seu pai e, desde 1162 até 1169, comeza os seus pasos nas mandas paternas do Bierzo e Asturias. Recibiu os territorios onde a súa familia tiña presencia inmemorial de Ulver, territorio que se circunscrebe á xurisdiccción do castelo de Cornatel, entre 1190 e 1192; Valcarce do 1190 ao 1193 e Vilafranca entre 1190 e 1194. Contou coa estima real de Afonso IX, que lle deu as mandas de Sarria e Montenegro no 1188 e as Asturias do Tineo no 1189.

Casou dúas veces, a primeira con Urraca González e a segunda con Sancha Fernández, e de ambas as dúas tivo a seguinte descendencia: Diego, Ramiro, Nuño e Rodrigo Froilaz; este último un dos firmes candidatos a ser o pai de García Rodríguez I. Todos eles sucederán ao seu pai nas mandas bercianas<sup>7</sup>.

O segundo fillo do conde don Ramiro foi Afonso Ramírez, quen foi o primeiro dos irmáns en se converter en conde tras a morte do seu pai. Compartiu co seu irmán Froila o seu *cursus honorum* á fronte das mandas paternas, especialmente o condado de Astorga, mais os territorios bercianos de Valcarce e Ulver. Casou coa galega Tereixa Álvarez, filla do conde Álvar Rodríguez de Sarria e Sancha Fernández, chamada a Maior<sup>8</sup>, filla á súa vez de Fernán Pérez de Traba e Tareixa Afonso, a raíña de Portugal, polo que Sancha Fernández recibira o título de infanta. Tiveron por descendente unha filla chamada como a súa avoa paterna, de nome Inés; da súa man entraremos a continuación no Cartulario de Santa María de Carracedo. Afonso debeu de morrer preto de 1186<sup>9</sup>.

A única filla coñecida do conde Ramiro foi Estefanía Ramírez, quen seguindo a tónica de desposorios dos seus irmáns tomará marido entre a grande nobreza leonesa, en concreto co conde Ponce de Minerva, alférez real de Afonso VII e tenente de importantes mandas en León e Galicia.

O cuarto fillo foi García Ramírez, quen fora alférez real de Fernando II entre 1168-1170 sendo as súas derradeiras referencias no 1178, está soterrado no panteón familiar de San Isidoro, xunto á súa presunta nai Inés. Pouco máis se pode dicir deste personaxe, senón que a través da súas doazóns a San Isidoro constátase a presenza e poder da liñaxe dos Ramírez no Bierzo<sup>10</sup>.

5. FRANCISCO DE CADENAS ALLENDE, Conde de Gaviria. “Los Flagínez: Una familia leonesa de hace mil años”. Separata facticia de los *Estudios Genealógicos Heráldicos y Nobiliarios*. Madrid, 1978, pág. 194. En adiante F.C.A “Los Flagínez”. O conde de Gaviria fai a dona Inés filla dos Condes de Armañac, e recoller o dato do epitafio da condesa no panteón de San Isidoro de León, que di descender dos reis de Franza.

6. M.T.S. “Linajes”, pág 163.

7. *Ibidem*, pág. 163 á 165.

8. J. GARCÍA ORO, “La nobleza gallega en la baja Edad Media”, pág. 389.

9. M.T.S. “Linajes”, pág.. 165.

10. *Ibidem*, pág. 165 á 166.

Mosteiro de Santa María de Carracedo



## A DOAZÓN DE 1202 A CARRACEDO

Retomando a Inés, filla do conde Afonso Ramírez e da galega Tareixa Rodríguez, atopámosla -como se dixo- no ano 1202 facendo doazón da herdade de Villarmillo en Valladolid ao mosteiro de Carracedo<sup>11</sup>:

*“Ego Agnes, filia Comitis Alfonsi vobis abbati Carrazedo nomine Amico, et omni  
conventui concedo totam hereditatem meam in territorio de Rivosicco, in villa quae  
vocabatur Villarmillo...”*

A carta está feita: era MCCXL. Regnante rege Adefonso cum regina uxore seu domina lionor in Toledo et in Castella... (Na primeira columna figuran): *Episcopus palentinus dominus Aldricus. Majordomus regis Gonsalvus Roderici. Vexillifer regis Rodericus Roderici...*(Na segunda columna): *Testes, qui presentes fuerunt, viderunt et audierunt: Johan Cazzurro de Oter de Fumos* (Tordehumos), *Pedro Moro, Guerrero, Barata, Martín Peláiz...*(E na terceira columna de confras): *Comes Frola* (o seu tío paterno), *Fernandus Garciae, majordomus regis legionensis. Petrus Ferrandi, majordomus reginae legionensis* (estes tres abaxo dunha confra) -sic-, *Aprilis Garciae, Rodericus Garsiae.* (estes dous abaxo doutro confra)...

Segundo semella, Inés, orfa de pai dende o ano 1186, realiza esta doazón rodeada dos seus parentes inmediatos. En primeiro lugar do seu tío maior o conde Froila Ramírez<sup>12</sup>, acompañado dos mordomos reais de León que validan a doazón, xa que o documento é seguramente dado en terras castelás, Fernandus Garcíae e Petrus Ferrandi. Tras eles varios individuos sospeitosos de seren curmáns de Inés e posíbeis fillos de García Ramírez, tamén morto por estas datas: Aprilis e Rodericus Garsiae. Como dixemos, este Rodericus Garsiae, mais o seu posíbele curmán, fillo do conde Froila: Rodrigo Froilaz, son os dous firmes candidatos a ser os pais do noso García Rodríguez de Valcarce.

Ambos os dous aparecen fugazmente na documentación de Carracedo. A Rodrigo Froilaz atopámolo como tenente en Cervantes, nunha carta de venda ao mosteiro datado no ano 1262<sup>13</sup>. No mesmo ano aparece noutra carta de venda ao mosteiro como tenente en Sarria, xunto a Ramiro Rodríguez<sup>14</sup>. E finalmente no 1264, como tenente de Valdeorras, tenencia como vimos vinculada á familia Ramírez dende os tempos do seu avó o conde Ramiro Froilaz. D. Francisco de Cadenas di atopalo documentado entre o período 1235, como tenente de Sanabria, ao 1257, como tenente de Valdeorras<sup>15</sup>.

11. MARTÍN MARTÍNEZ MARTÍNEZ, (transcriptor). “Cartulario de Santa María de Carracedo 992-1500, Vol I e II e addenda 1501-1638”. Sobre a doazón de Inés, pág. 142, doc. 177. Fol 219, num. 1. do cartulario. En adiante “Cartulario”.

12. “Cartulario”, doc. 539, pág.388, fol. 457, s/n.

13. “Cartulario”, doc. 541, pág. 388, fol. 450, núm 5.

14. F.C.A. “Los Flaginez”, pág. 201. O conde de Gaviria documenta este Rodrigo Froilaz entre 1235 e 1251, e faino fillo do segundo matrimonio de Froila Ramírez con dona Sancha.

Como veremos máis adiante, as primeiras referencias a un García Rodríguez aparecen en 1204 presentando a un oficial baixo o mando do tenente Rodrigo Pérez de Villalobos. As seguintes referencias ao segundo García Rodríguez, chamado xa de Valcárcel, son de 1227; o seu fillo chamarase de igual xeito que os anteriores e será García Rodríguez, cabaleiro de Valcárcel e señor de Toral de los Vados, que inaugura o seu *cursus honorum* como tenente de Valle Carceris no 1270. A filiación entre o segundo e o terceiro personaxe non presenta dúbidas, xa que como se verá así está reflectido nun documento de 1306. Non existen referencias específicas que nos aclaren a filiación entre o primeiro e segundo García, mais a continuidade no desenvolvemento das funcións oficiais de mordomos reais na Corte de León lévannos a pensar que estamos diante dun posto herdado de pai a fillo, que ademais seguirá dentro da familia Valcárcel até os tempos do cuarto persoero, o adiantado maior de Galicia.

Esta cadea de tres persoeiros homónimos chegando o ano 1270, invalídanos o Rodrigo Froilaz como pai do primeiro García I, sempre que foi contemporáneo, (tenente en Valdeorras no 1267) do García Rodríguez III (tenente de Valcarcel no 1270). Isto déixanos libre o camiño para concederlle a paternidade ao *Rodericus Garciae*, que aparece como testemuña na doazón de Inés Afonso no 1202. Este persoero aparece bastante máis cedo na documentación de Carracedo, sendo a primeira en maio de 1190 como meiriño en Vilafranca<sup>15</sup> e chegado abril do mesmo ano como oficial, seguramente tamén como meiriño, de *Petro Fernández* tenente no Bierzo<sup>16</sup>.

Mais non contamos con máis elementos que proben a filiación entre o alférez real García Ramírez, morto despois de 1178, e Rodrigo García; nin tampouco entre este e o primeiro no elenco dos García Rodríguez. Ao noso parecer esta última hipótese parece a máis lóxica, e conta ade más cun elemento que, áinda que indirecto, conecta aos *Garciae*, testemuñas do documento de 1202, cos Valcárcel: a doazón que fai o mordomo real Fernando García ao mosteiro, antes de ingresar como freire en setembro do mesmo ano, pola que dá a metade da súa facenda en Doncos, nunha terra de sempre vinculada á liñaxe<sup>17</sup>:

“...Hujus re gratia ego Fernandus Garsiae de Dounchos offero me pro frate una cum filiis Dea e Beatae Mariae semper Virginis in Carraceto...”

Pouco máis se pode engadir dos antepasados inmediatos do García Rodríguez I, pois a documentación é a todas luces insuficiente; (e por outra banda establecer a súa correcta filiación non é o propósito final deste traballo). Como resumo do exposto, dicir que a aparición dos Valcarce vén precedida dun elenco de tenentes, grandes cabaleiros oficiais na Corte, e vinculados a máis rancia nobreza leonesa e galega, que manteñen importantes posesións no Bierzo e Galicia, especialmente nos sub-territorios de Ulver (Cornatel), Valcarce e Valdeorras.

15. “Cartulario”, doc. 107, pág. 102, fol. 294, núm. 3.

16. “Cartulario”, doc. 109, páx.. 104, fol. 119, núm. 16.

17. “Cartulario”, doc. 170, pág. 138, fol. 358, núm.4.

## GARCÍA RODRÍGUEZ “BARBA” -I-

A primeira referencia documental a este personaxe témola nun *García Roderici*<sup>18</sup> que aparece como co-asinante nunha permuta de herdades no ano 1204 entre o mosteiro de Carracedo e un veciño da zona chamado Martinus Petri. A carta foi asinada en tempos de:

“...Rege Adefonso cum Berengaria in Legione et toto regno suo. Episcopo Lupo in Astorica. Tenente Beriz Roderico Petri de Villaloporum. De manu ejus García Roderici. Cellarium Villabonae Fernandus Petri.”

García aparece áinda como un cabaleiro baixo a autoridade de Rodrigo Pérez de Villalobos, quen fora berciano tamén de orixe e que formaba parte da elite nobiliaria que acompañará ao rei Afonso IX á famosa xornada das Navas. Á batalla, datada o 16 de xullo de 1212, acudirá en compañía doutros magnates galegos, como o seu irmán Gonzalo, Vasco García, Romao de Lugo, Rodrigo Froilaz, e Pedro Arias<sup>19</sup>.

No 1204, o Rodrigo Pérez de Villalobos tiña a tenencia na Terra de Beriz. Baixo a súa autoridade e representación asina o noso García Rodríguez I. No seguinte ano volve e testemuña noutro acto similar, e torna asinar unha doazón ao mosteiro de María Pelaez; aparecendo agora co cargo de: *Mayordomo García Roderici. Tenente Beriz Rodrigo Petri de Villaluporum*<sup>20</sup>.

Entre o ano 1205 e 1209 continuará aparecendo na documentación do mosteiro, tendo o cargo de meirão no 1208 e meirão maior no 1209<sup>21</sup>. No mesmo documento do ano 1208, polo que varios veciños de Tordehumos venden unha horta ao mosteiro<sup>22</sup>, aparece chamado como: *García Rodericus Barba*. É a única ocasión na que aflora na documentación referida a este individuo o seu “dictus”, mais como se verá non será o único que levará un alcume entre os seus homónimos. A carta de venda é o derradeiro documento no que aparece o *García Barba*, no seu cometido público dentro do contexto de Carracedo.

Ata o mes de marzo do ano 1227 non atopamos outra referencia ao seguinte *García Roderici* que chamaremos II. Diferenciámolo do anterior a través do seu “dictus”: *Carnota* ou tamén alternado ás veces con *Carnoto*, ou simplemente *Corna*. O termo leva a pensar se o alcume terá relación algunha co castelo de Cornatel, ou Cornatelo, como aparece na documentación do século XIII.

18. “Cartulario”, pág. 147, fol. 376 v. núm. 16 do Tombo.

19. EDUARDO PARDO DE GUEVARA Y VALDÉS, “Los Señores de Galicia”. Tenentes e Condes de Lemos en la Edad Media, Vol I. páx 109. En adiante E.P.G. “Los Señores....”.

20. “Cartulario”, pág. 160, fol. 290, núm. 5.

21. *Ibidem*. doc. 212. fol. 245, núm. 63

22. *Ibidem*. doc. 210. fol. 219, núm. 2.



Castelo de Castrotorafe no seu estádio actual

## GARCÍA RODRÍGUEZ “CARNOTA” -II-

Deste García Rodríguez Carnota, ou simplemente García Carnota, o Tombo de Carracedo recolle o seu ciclo vital entre os anos 1227 e 1249. Tivo o seu primeiro cargo como *Villicus regis*<sup>23</sup>, sempre circunscrito ao territorio de *Bergido* (Bierzo), e veremos o seu ascenso na escala local, que pasou polos escanos de: *Majorino regis* en xuño do ano 1231, con autoridade *in toto Bergido*<sup>24</sup>, e o posto de *Mayor Merinus in Legione* no mesmo ano<sup>25</sup>; o que lle permitirá relacionarse directamente co poder real mais a primeira liña da nobreza galaico-leonesa.

Mais será cinco anos despois cando alcanzará o momento álxido da súa carreira, ao ser nomeado *Majordomus* do rei dende o ano 1239<sup>26</sup>; cargo que seguirá tendo até o ano 1249 con Fernando III, alternado coas tenencias do Bierzo no 1240<sup>27</sup> e de Molina no 1241<sup>28</sup>. A tenencia de *Vallem Carceris* estará asignada a *Petro Gomecii*, no 1238 aparecendo García Carnota no territorio como *Mayordomo regis*, e asinando baixo a súa autoridade –“et de manu eyus”- un *Roderico Ysidoriz*<sup>29</sup>.

23. “Cartulario”, doc.. 367, páx. 256, fol 231v, núm.. 36.

24. *Ibidem*, doc.. 375, fol. 507, núm.. 5.

25. *Ibidem*, docs. 389, 392, 393, 395, 396.

26. *Ibidem*, doc. 402. fol. 279v, núm.21. Co mesmo tratamento de mordomo real nos docs. 404, 411, 420.

27. *Ibidem*, docs. 412 e 415.

28. *Ibidem*, docs. 417. fol. 284v, núm. 39.

29. *Ibidem*, doc. 412. fol. 413v, núm. 25.

Os derradeiros documentos nos que aparecen García Rodríguez II están datados entre o 25 de febreiro de 1249 e o 26 de decembro do mesmo ano. Neles aparece como: *Majore Mayorino regis in terra Bergidis*, o que indica que quizais fora xa relevado do seu cargo de mordomo real<sup>30</sup>.

O seu fillo, chamado tamén *García Rodríguez*, non aparece na documentación de Carracedo até o 12 de setembro do ano 1270; no que confirma unha venda de Rodrigo Afonso de herdades en Valcárcer, Cervantes e outros lugares. Nesta data aparece como: *García Rodríguez cavallero de Valcarcer*. Será o persoero que chamaremos III, e que nos levará até os comezos do século XIV. Nel atoparemos a referencia por primeira vez do seu solar: a terra de Valcarce/Valcárcer ou Valcárcel, vencellado ao nome epónimo da familia.

### **GARCÍA RODRÍGUEZ DE VALCARCE -III-**

A súa filiación con García Rodríguez II coñecémola a través dun documento datado o 14 de abril de 1306, polo que o mosteiro de Carracedo afora as súas propiedades de Cervantes e Lamas a García Rodríguez III<sup>31</sup>:

*"Heu, frey Johan López, abad de Carracedo, e o convento, damos a vos García Rodríguez filho de García Rodríguez de Valcarcel, que seades noso comendeyro de todas aquelas cousas que nos avemos en Cervantes, e dos nosos ganados que andaren en a serra de Pedra Cavalal, por en todos vosos días, con os herdamentos que nos havemos en Lamas..."*

A súa carreira nobiliaria é similar á seguida polo seus proxenitores, así polo ano 1286 aparece confirmando documentos como: *Tenente Valcarce, García Rodríguez...*, e seguirá ascendendo ata que no ano 1292 recibe do rei Sancho IV os dereitos sobre as terras de Toural dos Vados<sup>32</sup>:

*"Nos don Sancho, por la gracia de Dios, rey de Castilla, de León, de Toledo, de Sevilla, de Córdova, de Murcia, de Jaen, del Algarbe, por rogo del infante don Johan mio hermano, e por faser mucho bien e mucha merced a Garcia Rodríguez de Valcarcel, su vasalo, damoles todos quantos derechos nos habemos, e haber debemos en Toural e en su termino; que lo haya todo libre e quito, por juro de heredad para siempre jamás, para él y sus hijos, e ún sus neto, e a quantos del vinieren, que lo suo hoveren de heredar; para dar e bender e empennar, e cambiar, e fasser dello , e en ello asy como del suo mismo, etc –sic– E desto mande dar esta mi cata abierta e seillada con mio seollo de cera colgado, y puys en ella mio nome con mi mano. Dada en Carrión, -sic- siete días de abril de era de mil CCC e trinta annos. Nos el rey don Sancho, e Fernán Martínes"*

30. *Ibidem*, doc. 450, fol. 256, núm. 14

31. "Cartulario", doc.729, páx.. 76-77, fol. 444v. s/n.

32. *Ibidem*, doc.. 688, páx.. 52, fol. 349v, núm.. 5.



Imaxe da monarquía da igrexa románica de Carracedo

García Rodríguez de Valcarce III estivo casado con María Fernández, que lle sobrevivirá polo menos até setembro do ano 1308<sup>33</sup>. Tras conseguir o señorío do Toural, o matrimonio comeza a administralo de man común, así reciben no ano 1297 empeño de propiedades por parte dun veciño chamado<sup>34</sup>:

*“Eu Domingo Pérez, morador en Toural deyo a vos García Rodríguez de Valcarce  
e a vosa muller; donna María Fernández quanto erdmento eu ajo en Toural...”*

No 1302<sup>35</sup> compran unha propiedade dun veciño de Vilarmaior, e tornamos a ter unha referencia ao seu matrimonio con dona María:

33. “Cartulario”, doc. 740, pág. 87, fol. 351, marxe. Fernando IV confirma a doazón de Toral dos Vados ao mosteiro feita por María Fernández, viúva de García Rodríguez de Valcarce, polo doc.. 738.

34. *Ibidem*, doc. 706, pág. 63, fol. 349, núm. 4.

35. *Ibidem*, doc. 721, pág. 71, fol. 355, núm. 20.

*“Eu, Johan Pérez, e mia muller María Pérez, de Vilamayor, vendemos a vos García Rodríguez de Valcarce, e a vosa muller, María Fernández, duas terras en Villamayor, términos, etc.-sic-...”*

Morrerá pouco antes do ano 1308, e a súa muller xa viúva deixaralle ao mosteiro as súas propiedades de Toural dos Vados con todo o seu señorío. O rei Fernando IV confirmará o 15 setembro de 1308 en Sahagún esta doazón ao mosteiro de Carracedo:

*“Eu, donna María Fernández, muller que foie de García Rodríguez de Valcarce, que Dios perdone, me quito, y me partio para sempre jamays de la villa de Toural, con todo sou senorio que nos deu el rey don Sancho, que Dios perdone, e eu donna María vos diemos al monasterio de Sancta María de Carracedo por nosas almas, e a la capiella de Sancti Cristofori, por muy bona carta sealada con nossos seeloos pendentes, e signada de escribano público, epor bienes que ende recibimos, e asperamos e recibir daque adelante por nosas almas...”*

## O ADIANTADO MAIOR DE GALICIA

O seguinte no elenco dos señores de Valcarce será o García Rodríguez, que figura -agora si- como adiantado maior de Galicia. Antes de comezar co percorrido vital do personaxe, cómpre facermos unha pequena paréntese para achegármonos á verdadeira dimensión e historia do cargo.

Durante os séculos X e XI foi desenvolvéndose unha política efectiva que levase a presenza dos monarcas en todos os territorios onde reinaban. Isto levou a configurar un programa á carta, segundo o perfil do territorio que debía ser gobernado: Alfoces, tenencias, xurisdiccionis maiores e menores a cargo de meiriños, e adiantamentos. Foi baixo o reinado de Fernando III cando se atopaba plenamente desenvolvido o oficio de *maiorini terrae ou maiorini maiores*, o cal comeza a ter efecto no reinado de Afonso VI. Eran oficiais públicos de categoría superior, con autoridade delegada directamente da man do monarca e con amplas competencias xurídico-administrativas dentro do que foi chamado “merindades maiores”<sup>36</sup>. Foi Fernando III quen puxo meiriños maiores á fronte do reino de León, e de Castela primeiro, e seguindo polo reino de Galicia despois, e por último no reino de Murcia. Tras a morte do monarca foi o seu fillo Afonso quen mantivo a mesma estrutura organizativa baseada en catro “merindades” maiores. No ano 1253 situou un adiantado á fronte da demarcación denominada “A Fronteira”, no 1258 foron substituídos os meiriños maiores de León, Castela e Murcia, por adiantados maiores e no 1263 fixo o mesmo con Galicia<sup>37</sup>.

Non é posíbel entender o mecanismo diferenciador entre un e outro cargo, xa que a través dos séculos seguintes se alternarán os nomes dun e doutro, percibindo no obstante o mesmo cometido. Segundo palabras do infante don Manuel<sup>38</sup>:

36. PILAR ARREGUI ZAMORANO. “Monarquía y señoríos en la Castilla Moderna, los adelantamientos en Castilla, León y Campos” 1474 – 1643, páx. 25. En adiante P.A.Z “los adelantamientos”.

37. *Ibidem*, páx. 26.

38. *Libro de los Estados*, B.A.E., vol 51, p. 339.

“...Señor infante, todo esto que vos yo digo en razón de los Adelantados, debedes entender eso mismo de los Merinos, ca eso mismo es lo uno lo al, et non ha otro departimiento, sinón que en algunas tierras llaman Adelantados et en otra Merinos...”

Como queda dito, o reino de Galicia foi unha das catro xurisdiccionés maiores que conformaron o novo tramo administrativo-territorial baixo a tutela dun adiantado maior, que pasou por varias etapas no noso país, mais o seu caso non será diferente ao marcado para o resto dos reinos mencionados. Aínda que se constata a convivencia tamén das dúas figuras dentro do mesmo marco, pero actuando o adiantado maior como lexislador e o meiriño maior como executor administrativo da súa manda<sup>39</sup>, o certo é que, vendo o seguinte gráfico, podemos observar como o Adiantamento que lle correspondeu ao noso García Rodríguez non foi só case efémero, (un ano entre 1327-1328) senón o único que consta tivo un membro da súa liñaxe por vía ascendente ou descendente, desmitificando entón a figura deste García Rodríguez, como un elo máis dun elenco de adiantados mayores de Galicia de carácter hereditario que nunca tivo lugar.

Táboa cronolóxica de Adiantados e Meiriños Maiores de Galicia

Xuño	1239	Munione <sup>40</sup>	Meiriño maior
Abril	1241	Ruderico Gomeci <sup>41</sup>	Meiriño maior
Abril	1254	Rodrigo Suériz <sup>42</sup>	Meiriño maior
Decembro	1260	Andrés Fernández <sup>43</sup>	Adiantado maior
Novembro	1271	Estevo Fernández <sup>44</sup>	Adiantado maior (antes meiriño maior)
Xuño	1279	Estevo Nuñez	Meiriño maior
Febreiro	1297	Xoán Fernández	Adiantado maior (antes meiriño maior)
?	1306	Felipe Sánchez <sup>45</sup>	Adiantado maior (infante fillo Sancho IV)
	?	Pai Gómez <sup>46</sup>	“
Xuño	1311	Afonso Suárez de Deza	“
Marzo	1321	Álvar Rodrigo Osorio <sup>47</sup>	Adiantado maior
Xullo	1328	García Rodríguez Valcar.	Adiantado maior (meiriño no 1327)
?	1330	Alvar Rodríguez da Rocha	Meiriño maior <sup>48</sup>
?	?	Alvar García de Albornoz	“ <sup>49</sup> (meiriño con Afonso XI)
Marzo	1351	Gutierre Fernández <sup>50</sup>	“
Setembro	1351	Pedro Nuñez de Guzmán	Adiantado maior
Marzo	1352	Suer Yanes de Parada <sup>51</sup>	Meiriño maior
Febreiro	1358	Andrés Sánchez de Gres	Meiriño maior
Novembro	1361	Gómez Fernández <sup>52</sup>	“
Xaneiro	1363	Rodrigo Afonso Mansiella	Meiriño maior (tamén de León e Asturias)
Xunio	1366	Fernando de Castro <sup>53</sup>	Adiantado maior (tamén de León e Asturias)
Febreiro	1372	Pedro Ruiz Sarmiento	Adiantado maior (con Henrique de Trastamara)

39. ENRIQUE CAL PARDO. “Colección diplomática medieval do arquivo da catedral de Mondoñedo”, pág. 69, doc. 52  
Mandado do ano 1284 polo que Xoán Fernández, meiriño maior de Galicia, con conformidade dunha sentenza do adiantado maior de Galicia, don Estevo Fernández, amparou á igrexa de Mondoñedo no uso dos montes de Lieiro e San Salvador do Monte, que eran propios da devandita igrexa. En adiante E.C.P. “Mondoñedo”.

40. JOSÉ LUIS NOVO CAZÓN, “El priorato santiaguista de Viñar de Donas en la Edad Media”. Doc.14 páx., 212. En adiante J.L.N.C. “El Priorato”.

41. *Ibidem*, doc. 19, páx.. 218.

42. *Ibidem*, doc. 30, páx. 231.

43. E.P.G. “Los señores”, páx. 111.

44. J.L.N.C. “El Priorato”, doc. 45, páx.. 249.

## GARCÍA RODRÍGUEZ DE VALCÁRCEL -IV-

Aínda que como queda demostrado, o adiantado García Rodríguez non gozou entre a etapa de meiriño maior de Galicia e o seu adiantamento de máis de seis anos no cargo, isto non significa que o personaxe como tal estivera carente de importancia. Pola contra, o cargo de adiantado, no outono da súa vida, veu a ser o colofón dunha carreira chea de éxitos.

Seguindo o fio do Cartulario, atopamos a García IV no 1312, facendo unha permuta de propiedades co abade frei Miguel. O mosteiro cédelle os lugares de San Pedro do Ermo, varios lugares en Valboa, e na freguesía de Noceda, a igrexa de San Xoán. Ademais recibe canto o mosteiro ten en Xestoso, en Vilarello, Valmaior e Castelo, dando a cambio canto García ten en Carracedelo, menos a igrexa da que é herdeiro<sup>54</sup>.

No 1314 o mosteiro afora a García os lugares de Villaures –sic- e Cortes que recibira de Elvira Pérez, que fican...”aquendo o río Sil”...Nesta carta de foro García aparece como “mórdomo del rey”, un proba da alta estima en que o tivo Afonso XI<sup>55</sup>:

*“Nos don Frey Miguel, por la gracia de Dios abat de Carracedo, con otorgamiento do convento, damos a vos García Rodríguez de Valcarcel, mordomo del rey o noso herdamento de nos tinna Elvira Peres de Viloure...”*

O derradeiro documento do Cartulario, relacionado directamente con García, será o seu testamento datado o 23 de setembro de 1328<sup>56</sup>.

*“Sepan quantos este testamento viren, como eu García Rodríguez de Valcarce, adelantado Mayor, por el rey en Galicia, sano e con saude, e con todo meu enten-*

45. MARÍA JOSÉ PORTELA SILVA e JOSÉ GARCÍA ORO, “La iglesia y la ciudad de Lugo en la Baja Edad Media”, Los señoríos, las instituciones, los hombres, pág. 195. en adiante M.J.P. “la Iglesia y la ciudad”.

46. E.C.P. “Mondoñedo”. Páx 107, doc. 75 de 131, onde o rei Fernando IV da conta dos adiantamentos sucesivos de Estevo Fernández, Xoán Fernández e Pai Gómez.

47. J.L.N.C. “El Priorato”, doc. 70, páx.. 275.

48. M.J.P.“La iglesia y la ciudad”, páx. 222.

49. LUIS VICENTE DIAZ MARTÍN, “Colección Documental de Pedro I de Castilla 1350-1369”, doc. 94, pax.134. En adiante L.V.D. “Colección Documental”.

50. *Ibidem*.

52. *Ibidem*, páx. 38 doc. 699.

52. MANUEL FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, “Toronium” Aproximación a la historia de una tierra medieval, páx. 230, doc. 11.

53. L.V.D. “Colección Documental”. Páx. 240, doc. 1.341.

54. “Cartulario”, doc. 769, páx. 108. fol. 269v, núm. 27.

55. *Ibidem*, doc.. 782, páx., 117. fol 14, núm. 37.

56. *Ibidem*, doc. 813, páx.. 136. fol. 351v, núm.. 8-2°.

*demento, qual me lo Deus quiso dar; ordeno, faso, es estableesco meu testamento en esta manera... ”*

Fora do ámbito do Cartulario berciano, noutro documento, datado o 29 de xullo de 1328 relacionado co mosteiro de Olla, temos outra referencia á súa actuación como adiantado. Trátase dunha carta que eximía aos vasalos do mosteiro de asistir a xuntas dos concellos xerais e anuais<sup>57</sup>:

*“...Sepan quantos este estrumento viren, que so Era de mil et trescientos et sessenta et seys annos, dou días por andar do mes de julio, en pressença de min Pedro Martíns Notario de Tebra, de Tomiño, de Barrantes et dos coutos doya et das testemoyas que adeante son escritas, Don Frey Pedro Abbade do moesteyro de Sancta María Doya, e estando sobredicto Moesteyro et chegando a este moesteyto sobre-dito Ruy García de Espinhoso Meirinno en Toronho por García Rodríguez de Valcarcer Endeantado mayor en Galizia por el Rey don Alfonso... (máis adian-te)...Et o dito meyrinho disse que lhe plazia et que visse a carta que el trazia do dito García Rodriguez do meyrinhado de Galliza et en como el Rey nella madaua...”*

No mes de abril do ano seguinte, 1329, fai doazón á Orde de Santiago, da que era cabaleiro, da Casa Grande de Guitiriz na terra de Parga, xunta aos seus vasalos e señoríos como garante, ao recibir el mesmo a encomenda de Castrotorafe, a súa vila e castelo<sup>58</sup>:

*“Sepan cuantos esta carta vieren, como yo, García Rodrigues de Valcarcel, otorgo e consosco que porque vos, el mucho onrrado don Vasco Rodríguez, por la gracia de Dios Maestre de la Orden de la caualleria de Satiago me recibiestes en la vuestra Orden e me diestes el abito, et otrossi, por que me disestes la comienda de Castrotoraf e el alcaçar e villa, otorgo e connosco que vos fago pleito e omenaje que despues de mis dias que entregue el dicho alcaçar e villa a vos, el dicho Maestre o a otro qualquier que despues de vos fuere Maestre de la dicha Orden, con todos los aprouechamietos e mejoramientos que yo, el dicho García Rodrígues, o otro por mi, y ouvieremos fecho sin embargo e sin condición ninguna.*

*Et por este bien e merced que vos el dicho Maestre don Vasco Rodríguez e la vuestra Orden me fasesedes, do e fago donación, puramente, sin ninguna condición de mi propia voluntat, por Dios e por mi alma a vos el dicho Maestre, sennor e a la Orden sobredicha, la mi casa de Guetiris, que yo he en tierra de Parga, con sus vasallos e sennorio e heredades, e con todos los otros bienes e derechos que yo he e mi pertenesçen e pertenesçer deuen como quier, e en qualquier manerar por heredad, para siempre jamas, para que fagedes della e en ella lo que la dicha Orden por bien touiere e yo podria faser fasta aqui si quisier...”*

57. M.F.R, “Toronium”, pág. 235, doc.17.

58. L.V.D. “Colección Documental”. Doc.. 605, pág. 328.

Segundo Manuel Vázquez Seixas, a Casa de Guitiriz nas terras de Parga chega ás mans de García Rodríguez pola venda que no ano 1327 lle fai a viúva do infante don Felipe<sup>59</sup>. Non será a única adquisición que realice na súa vida, así o declara o seu neto chamado Fernando Rodríguez de Valcarce nun documento de 1349 polo que fai doazón ao mosteiro das súas propiedades na Frieira<sup>60</sup>. O couto berciano<sup>61</sup> fora mercado noutrora por García a don Pedro Fernández de Castro, chamado o da Guerra, conde de Lemos e Sarria, sendo posíbel que Guitiriz fora adquirida por compra na mesma época.

*“Eu Fernán Rodrigues de Valcarce e Valboa, e sennor da terra de Aguiar, por moyto ben e ajuda que me vos frey Diego, prior del monasterio de Carracedo, e el convento, e los procuradores fesestes, douvos que ayades por herdade todas las cousas que eu ayo en Frieira, su signo de Sancta María deste dicho lugar, segund que lo y avía García Rodges -sic-, meu tío por nome de la compla que fesso García Rodrígues, meu avoo, de don Pedro Fernandes de Castro, con todas las otras herdades, que y compló el dicto García Rodrigues, meu avoo, convén a saber: portages, foros, erdades e sennorio, e mollineyras, e pesqueiras, e fruytos ondequier que los posardes achar; e todas las outras cosas que me a mi pertenescen, e pertenescer deben en qualquiera manera en a dita vila de Frieyra desde la grand cousta ata la mays pequenna...”*

Poucas pistas máis atopamos de García IV no cartulario, non sendo unha carta de 1329 do propio rei Afonso XI pola que ampara ao mosteiro contra a encomenda de García<sup>62</sup>:

*“...y manda señaladamente a García Rodriguez de Valcarce, que desista de su encomienda que de propia autoridad se abrrogaba -sic-, y dice el rey que se la toma para sy-...”*

Debeu de morrer na segunda metade de 1329, xa que o 21 de marzo do 1330 o abade de Carracedo pide a lectura do seu testamento ao notario de Vilafranca, Gonzalo Yáñez, esperando as achegas económicas das mandas do adiantado en beneficio do convento e da capela baixa a advocación de San Cristovo, que fundara e dotara como lugar elixido para o seu enterramento<sup>63</sup>:

*“...que por astrenemento do seu oficio mandase a mi o dito notario, que examinase e catase y dito testamento e codicilo, posque en el mio poderío estaba, por que entendía que y avía algunas mandas que el dito García Rodríguez fesera al dito monasterio de Carrasedo, e a la capiella del dito García Rodríguez.”*

59. MANUEL VÁZQUEZ SEIJAS. “Fortalezas de Lugo y su Provincia”. Tomo V, pág. 61.

60. “Cartulario”, doc.. 860, pág. 170, fol. 324v, núm.. 27-2º,

61. “Cartuario”, doc.. 201, pág. 162, fol. 324v, núm.. 26-3º. Carta de foro, concedida aos vecíños da Frieira polo rei Afonso IX ... “terra illa de Frieyra determinatur per Touralle, et per Paradella, et per Curillionem (Corullón), et per Vesoniam, et per Panicalles, quem admodum lebuntur aquae contra Frieyra et per ripam fluminis Sili.”.

62. “Cartulario”, doc.. 861, pág. 171, fol. 1 v, núm. 5.

63. “Cartulario”, doc.. 815, pág. 137/38, fol. 351, núm. 8.

No ano de 1330, a súa viúva, dona Tareixa Anes Sarraça, fará doazón tamén da súa metade da Casa Forte de Guitiriz e da facenda nas terras de Parga á Orde de Santiago<sup>64</sup>:

*"Doña teresa muger que fui de García Rodríguez de Valcarcel, por el bien e la merced que vos Don Vasco Rodríguez, por la gracia de Dios Maestre de la Orden de la Caballería de Santiago me fesistes en me dar el abito desta orden, e por el vuestro lugar de Ribera que me diestes con pechos y derechos para en mis díasse-gún maior y mas cumplidamente se contiene en una carta sellada con mio sello y yo de vos tengo en esta razon."*

Como resumo da súa vida, o García IV foi sen dúbida a figura máis senlleira da liñaxe, o que inducirá ao erro de achacar o seu cargo de adiantado aos seus parentes homónimos, tanto ascendentes como descendentes. Tras o seu pasamento, os seus herdeiros non tornarán a alcanzar o seu nivel na escala nobiliaria, até que chegado o século XV emparentan cos señores de Cabrera e Rivera, e da súa man serán recordados nos nobiliarios renacentistas como antepasados ilustres dos Condes de Lemos. Como exemplo da pegada do adiantado na conciencia dos cronistas do século XVI, o fraude Jerónimo de Llamas en 1592 escribe estas palabras<sup>65</sup>:

*"...Era este García Rodríguez de Valcarce el cavallero mas rico que a la sazon avia en esta tierra, por que aún no avia este Estado de Villafranca, y la dicha villa con la de Cacabelos eran del arzobispo de Santiago. Era el sobredicho señor de Cabrera y adelantado de El reyno de Galicia y muy deseoso él y sus herederos de meterla mano en la hacienda de esta casa y ansi pretendió y aún se intituló comendatario de este monasterio (de Carracedo) hasta que lo supo el sobredicho sr. Rey D. Alonso II (sic), y ansi hizo poner sus armas en la nave 3<sup>a</sup> de la iglesia de hacia el norte como parez e en las soleras de la techumbre de palnudillo de la dicha nave y se sepultó en ella en la parez aquilonar en una hornecina de la misma nave donde despues se puso al altar de la Cruz, y su hijo de este hizo la capilla que llaman sacristía vieja en la misma nave, y su nieto del mismo nombre se sepultó en la misma nave junto a la boca de la capilla de san Miguel y aún duró allí en un lucillo de piedra con su mujer sobre unos leones hasta el año de 1583, que con justo título se quitaron, pues avía tomado aquella nave tiránicamente..."*

## GARCÍA RODRÍGUEZ DE VALCARCE -V-

O seguinte no elenco dos cabaleiros de Valcarce foi o fillo do anterior, que chamaremos García Rodríguez V. Este dá conta da súa filiación no único documento que se conserva dentro do cartulario de Carracedo, e que é por casualidade a apertura do seu testamento, datado o 12 de febreiro de 1364<sup>66</sup>:

64. FERNANDO URGORRI CASADO. "Nuevos datos sobre el primitivo concejo de As Pontes". Doc.. nº10.

65. JOSÉ ANTONIO BALBOA DE PAZ. "El Monasterio de Carracedo".páx. 72.

66. "Cartulario", doc.. 884, páx. 189.

*“Era de mil e quatrocentos e dous anos, XII días de Febrero.*

*En Lugo, en presencia de mi Gonzalo Pérez, notario público de Lugo por el populo deste lugar, e das testes subscrita, frey Johan de Ubida, monge e procurador do monasterio de Sancta María de Carracedo, pareceu ante frey Gonzalvo de Castroverde, vicario general do onrrado senyor don frey Pedro Lopes, por la gracia de Deus obispo e Lugo, e presentou antel o testamento de García Rodríguez de Valcarcel, feito e signado de Pedro Domingues, notario de Villafranca de Valcarcer, e scripto e purgamiento -sic- feito en o thenor sobredito, etc -sic-.”*

A referencia ao bispo *Pedro Lopes*, mais a súa vinculación coa cidade de Lugo, é primordial para establecer os parentes próximos deste García Rodríguez V, que debeu de morrer sen descendencia, xa que despois del os dous seguintes García Rodríguez serán descendentes de **ramos** femininos. Nun documento dado en Ágreda o 6 de abril do 1363, conservado no A.H.N, Sección clero, non incluído no cartulario, unha *Loonor García de Valçarce* fainos saber<sup>67</sup>:

*“Sepan quantos esta carta vieren commo yo, Loonor García de Valçarcel, fija de García Rodrigues (o que chamamos IV), otorgo et conosco que do a vos dom frey Pedro Lopes, obispo de Lugo, por mi anima et por las animas de Arias Fernandes, mi marido que fue, et de García Rodrigues de Valcarcel (o chamado V morto antes de 1363), mi hermano, et de Fernan Rodriguez, mi fijo, et de aquelles a que somos teudos..”*

A relación desta Leonor García con García Rodríguez IV é clara. Trátase da súa filla -como ela mesma reconece-, irmá doutro personaxe homónimo, o García Rodríguez V, morto antes de 1364, e casada con dous persoeiros cos que tornamos a documentación do Cartulario de Carracedo: Arias Fernández de Valboa e o seu fillo Fernán Rodriguez de Valcarcel e Valboa, identificado moitas veces nos nobiliarios como irmán dun hipotético e mítico “García Rodríguez de Valcárcel-Adiantado Maior de Galicia”, sendo en realidade curmán do que chamamos V e neto do verdadeiro adiantado.

Este Fernán Rodríguez, prior da orde de San Xoán de Xerusalén, foi importante protagonista da escena castelán do século XIV. Achácaselle tamén un irmán, Gonzalo de Valboa, superior xeral dos franciscanos. Non obstante a documentación de Carracedo e a license, ricas en referencias a Fernán, ignoran a este Gonzalo.

O primeiro documento relacionado con este persoaxe está datado o 18 de outubro de 1349. Nel Fernán Rodríguez de Valcarce e de Valboa dai doazón de todas as súas propiedades de Frieira, documento xa reproducido neste traballo<sup>68</sup>.

O territorio da Frieira será un punto continuo de conflito dos Valcarcel co mosteiro. Debido á política de encomendamento que seguían os seus membros, o mosteiro terá que demostrar as doa-

67. CARMEN MANSO PORTO. “Arte gótico en Galicia: Los Dominicos”, Tomo II, páx. 744. doc. 25.

68. “Cartulario”, doc. 860, páx. 170, fol. 324 v, númer. 27-2º.

zóns recibidas dos antepasados dos cabaleiros, entrando nunha espiral continua de doazón e posterior encomenda. Así a doazón -que vimos anteriormente- de Fernán Rodríguez deberá ser ratificada o 15 de xuño de 1394, acto acompañado dun novo documento no que queda especificada novamente a correcta filiación de Fernán Rodríguez<sup>69</sup>:

*Em presencia de mi. Lope Rodrigues, notario público en Curillón, e en terra de Aguiar por García Rodriguez de Valcarcel (do que trataremos más adiante e que chamaremos VI), e de Valboa, e de los testes de juso scriptos, estando y, en Frieira, don frey Alvaro, abade del monasterio de Sancta María de Carracedo, apresento e fisso leer por mi el notario, una carta en pergamino de coiro, e sellada con un sello de Fernán Rodríguez de Valcarce, e de Valboa, **fillo de Ares Fernández, e de Leonor García**, su muller que fué, e robrada de nome do dito Fernán Rodríguez según que se por ella parescía.*

Ares Fernández e Leonor García tiveron ademais outra filla, chamada Tareixa de Valboa, que herdará antes de posuir o seu irmán o dito lugar da Friera, e que aparece tamén vinculada á documentación license do bispo Pedro López de Aguiar, nunha doazón feita no ano 1363 de varias propiedades ao convento de Santa María a Nova<sup>70</sup>:

*...herdamentos et casas, pertenências et dereituras que lle perteesçen et perteesçer devem, segundo que mellor et mays conpridamente o ouveron, et teveron et posuyron García Rodríguez de Valcarcer et Lionor García, sua filla, que foron et outros que teveron ata aqui, con tal condición que donna Tereyia, filla da dita Lionor García...*

No mesmo documento, a continuación, atopamos outra referencia familiar importante para continuar a establecer os descendentes da Casa:

*...et jantar da iglesia de Sancta Coomba, et jur de a presentar a ella, et con súas pertenências et dereituras, segundo que nos deu García Rodríguez, filho de Constança García que soy de Valçarcer. Et vos damos mays a herdade que nos a nos deu Lionor García, que soy de Valçarçel, que he en terra de Neyra de Jusaa...*

Tras a figura deste novo García Rodríguez, que chamaremos VI, atopamos a figura do señor da Vila das Pontes do Uyme, que despois da morte do seu avó e tío homónimos, e do seu curmán Fernán Rodríguez señor da Terra de Aguiar, todos eles falecidos antes de 1364, pasa a ser o home forte da familia; quizais por ser o único home, no cal reverterán os señoríos familiares.

69. "Cartulario", doc.. 921, páx. 215, fol. 324 v, núm. 27-1º.

70. CARMEN MANSO PORTO. "Arte góticu en Galicia: Los Dominicos", Tomo II, páx. 765, doc.51.

## GARCÍA RODRÍGUEZ DE VALCÁRCEL -VI-. SEÑOR DAS PONTES DO UYME

A ligazón deste descendente dos bercianos, Valcárcel, coa historia local das terras entre as rías de Pontedeume e Ortigueira vén a través da súa herданza paterna. A súa nai Constanza García fora desposada con Xoán Freire de Andrade, seguramente debido a unha política matrimonial mili-metricamente pensada polo seu pai o adiantado, para reforzar a súa presenza na cidade de Lugo. Entre as liñaxes puxantes na cidade dende os tempos do infante don Felipe destacaba a dos Andrade de Pontedeume<sup>71</sup>.

Xoán Freire era á súa vez fillo de Nuño Freire de Andrade, o irmán de Fernán Pérez “O Boo”, quen pasou á historia como o Mestre de Christus en Portugal; fillo á súa vez de Roi Freire de Andrade e Inés González de Soutomaior. O dato da súa correcta filiación atopámolo nun documento de 1391 polo que Xoán Freire recibe arrendo da torre de Muras coas súas terras e vasalos<sup>72</sup>:

*“Carta de iohan freyre et do cabido da torre de muras. Enno nome de deus Amen  
Anno do nacemento de noso ssennor ihesu Christo de mill et CCCXCI annos viien-  
te dias do mes de desenbro saban quantos esta carta viren commo nos don francis-  
co por merçede de deus er da sancta iglesia de Roma bispo de mendonnedo seen-  
do em cabidoo con as persoas et coengos da iglesia de mendonnedo que presentes  
som Arrendamos a uos iohan freyre de andrade **fillo** do mº de christus et **sobrino**  
de pero peres dandre (sic) por en vosa vida despóis de morte de dicto fernan peres  
dandrade A nosa casa de muras con todas las rrendas desimos et fruto de iglesias  
que e husaron de leuar et perseuir en Renda con a dicta casa Et segundo que a  
leuaua o dicto fernan peres dandrade...”*

Nuño Freire desposara coa portuguesa Tereixa Rodríguez de Tábara, parente próxima de dona Leonor de Guzmán, a nai de Henrique II, polo que os noivos reciben como dote os coutos de Balón e Brión, os cales pasarán a formar parte dos territorios baixo o señorío de García Rodríguez nas terras de Trasancos. Co paso do tempo, estes coutos serán un punto de conflicto cos seus parentes os Andrade, xa que preñido o de Valcarce na batalla de Náxera, ao servizo do aínda pretendente Henrique de Trastámarra, serán entregados como pago do seu rescate, polo que Fernán Pérez aproveita para tentar de cobrar tributos dentro destes territorios<sup>73</sup>:

*“...ovimos querella de García Rodríguez de Valcarcer nuestro vassalo, alegando de  
como tenía dos cotos que llaman de Belón e Brión, cabo del puerto de Jubia, é dela  
villa de Ferrol, que eran suyos, los cuales dijo que eran exentos, e privilegiados*

71. Para máis información en torno aos Andrade e a cidade de Lugo: MARÍA JOSÉ PORTELA SILVA e JOSÉ GARCÍA ORO en “La iglesia y la ciudad de Lugo en la baja Edad Media”, *Los señoríos. Las instituciones. Los hombres*, páxs. 240 á 256.

72. X. CARLOS BREIXO RODRÍGUEZ. Do seu ciclo de conferencias sobre García Rodríguez de Valcárce, “señor de As Pontes”; ao que lle agradezo a achega de tan valioso documento, que foi publicado á súa vez polo Boletín da Comisión provincial de Monumentos, nº 49-52, pág. 300, e transcritu por FRANCISCO MAYÁN FERNÁNDEZ.

73. O extracto do texto: ANDRÉS PENA GRANA, “Narón un Concello con historia de seu”, páx. 400.



Armas dos Valcarcel no castelo de Moeche. Autor: Lamigueiro

*del Rey D.Alfonso, nuestro padre, é señor, a quien Dios perdone, é que los quitara a doña Inés Rodríguez Tábara, su abuela, con otras mercedes, que le ficiera en casamiento con Nuño Freire, caballero, su abuelo a ruego de Doña Leonor nuestra madre cuya parienta era la dicha doña Inés Rodríguez, los cuales nos habiamos dados, e otorgados despues al dicho García Rodríguez con otras mercedes de las otras sus tierras para ayuda de la redención que hobo de pagar de la prisión que fue preso en nuestro servicio en la batalla de Najara, e que Fernando Pérez d'Andrade nuestro vasallo, e sus escuderos por su mandado con poder de los nuestros arrendadores, que le entran á los dichos cotos a los prender por las monedas, é alcabalas, e por otros nuestros servicios, non le guardando las dichas franquicias, e mercedes, e libertades, en que han estado los tiempos pasados, e las condiciones a quien nos mandamos coger las dichas nuestras rentas... ”*

Ademas destes coutos, García Rodríguez gozaba do señorío de Santa Uxía de Mandiá<sup>74</sup> dende o ano 1401<sup>75</sup>; do couto e castelo de Moeche, no que áinda se aprecian aúa pedra armeira na torre da homenaxe (vendido polaúa en 1412 áúa filla Constanza García, casada con Pedro Álvarez Osorio, señor de Cabrera e Ribeira<sup>76</sup>); dende onde seforeaba as terras de Trasancos, Lamas e Cerdido; e a encomenda do mosteiro de Pedroso do que era mordomo<sup>77</sup>.

74. *Ibidem*, páx. 534.

75. EDUARDO PARDO DE GUEVARA Y VALDÉS, “Los señores de Galicia, Tenentes y Condes de Lemos en la Edad Media”, Tomo I, páx. 254.

76. FERNANDO URGORRI CASADO UNTIA, “Nuevos datos sobre el primitivo concejo de As Pontes y sobre el Señorío de García Rodríguez”, Boletín dos Seminarios Mariñáns. Betanzos 1988, páx.. 54, nota nº6. Tamén así o reafirman RAFAEL USERO GONZÁLEZ e X. CARLOS BREIXO RODRÍGUEZ, en “Un exemplo da movilidade familiar...”, Revista Cátedra, núm. 12, páx. 187.

77. Circunstancia estudiada a fondo por Andrés Pena Graña en “Narón un Concello...”.



Thau nas fiestras do castelo de Ponterada. Foto: Castro

En canto á filiación de García Rodríguez, queda dabondo documentada a través da doazón da vila das Pontes<sup>78</sup>:

*“Sepan todos quantos esta carta vieren como yo don Pedro, conde de Trastá-mara, de Lemos e de Sa-rria, del Bollo e de Viana, e señor de Robreda, e perti-guero mayor de Santiago, or mí e por toda mí vos otorgo a vos García Rodrígues de Valcárçel, escude-ro, fijo que fuistes de Iohan Freyre d'Andrade e de Constança, que ayedes*

*para siempre, sin embargo de mí e de toda mí vos, la villa de las Pontes d'Uyme e con todo su término e alfos e jurisdicción e señorío, e con todos sus derechos e per-tenças, segund que vos la dio e vos della fisgo merçed e dádiva e donaçón el Rey, mi señor; mi tío, la qual dicha villa pertenesçía al dicho mi condado de Trastámara...”*

A aparición de García Rodríguez VI no contexto de Carracedo prodúcese no ano 1394. Ten relación de volta co lugar da Frieira, ademais das herdades de Lagumanes e Entoma que desembarga ao mosteiro da súa encomenda, o documento reproduce un retrato exacto da xenealoxía dos Valcarce<sup>79</sup>:

*“García Rodrígues de Valcarce, e de Valboa, otorgo e conosco, que por quanto vos don frey Alvaro, abad de Carracedo, me mostrastes una carta de testamento de Fernán Rodrigues de Valbona, meu primo, filho de Arias Fernandes, e de Lionor García, mi tía... (prosigue)... E logo, Ynés Fernandes, muller del dito García Rodríguez (VI), que estaba presente, dijo que el dito lugar da Frieyra, e casares que foran de García de Valcarcel (IV), e de dita Leonor García, e de García Rodrígues (V), sou hirmano, fillos del dito García Rodríguez (IV). E despoxys da morte que foran as ditas erdades de donna Teresa de Valbona, filla de la dita Leonor García...”*

Para que a doazón sexa válida tras o pasamento do outorgante, efectúase diante dos seus descendentes:

78. E.P.G.V. “Los Señores de Galicia...”, Tomo II, Apéndice documental, páxs. 41/42.

79. “Cartulario”, doc.. 924, pág. 217, fol. 496, s/n.

*“...E más, que persumía de tener e husar la sua meatat que pertenescía os seus fillos, conbén a saber: Pedro García, e Lionor García, por heredera de García Rodriguez (VI), su padre, que la non entrase nen usase. E por parte de Constancia García porque estaba presente dijo, que la embargase se quese...”*

## A DESCENDENCIA DE GARCÍA RODRÍGUEZ VI

Segundo acabamos de ver, estivo casado con Inés Fernández, recoñecida polo patronímo -de Tamar, áinda que tamén é frecuente atopala nos nobiliarios baixo a forma de -Temer/Temar. Outra das formas do apelido é -Témed, quizais máis acertado vistos os -T- (thau) que o seu bisneto, Pedro Álvarez Osorio I conde hereditario de Lemos colocará no castelo de Ponferrada, unha vez reconstruído e ampliado entre os anos 1441 e 1483<sup>80</sup>. Entre os seus fillos coñecidos están:

- **Pedro García**, que debeu ser o seu único fillo varón. Frei Malaquías, na súa Cronoloxía, dinos que acompañaba ao pai polo ano 1398, cando o conde de Trastámarra e Lemos, Pedro Enríquez, lle fai mercé de varias freguesías que non é posibel identificar<sup>81</sup>. En realidade debeu de morrer ese mesmo ano, xa que don Pedro lle fai mercé ao seu pai García Rodríguez dos que deberon de ser os mesmo coutos que recolle frei Malaquías tras o pasamento de Pedro García o 7 de febreiro de 1398<sup>82</sup>:

*“ Sepan Quantos esta carta vieren como Yo el Conde Don Pedro, Condestable de Castilla por faser bien e merced a vos García Rodríguez de Valcarcel y Valbona de vos e fago vos merced de todas las feligresias e cotos e lugares e tierras que de mí tenia Pero García, el vuestro fijo, asy del portadgo de Sebrero commo de tierra de Trasancos, commo de las feligresias de Lamas y Cerdido, quel de mi tenía por su vida, commo de todos las otras mercedes e cosas de quele yo avía hecho merced e segundo queleo vos todo teníades de primero (ou de prestimoniio) ante que lo yo diese al dicho Pero García. E fago vos merced de las dichas feligresias e portadgo e cotos e lugares e casas con todas las cosas quello rende, segund que lo tenía de mí el ducho Pero García...”*

- **Constanza García** quen casou dúas veces. A primeira con Pedro Álvarez Osorio, señor de Cabrera e Ribera; a segunda con García Fernández Sarmiento, quen a repudiou. Tivo do primeiro matrimonio a Rodrigo Álvarez Osorio, quen foi señor de Cabrera e Rivera como seu pai e tamén herdou os señoríos maternos, entre os que se atopaba os castelos de Cornatel e Corullón, e a vila de Matilla<sup>83</sup>.

80. FERNANDO COBOS GUERRA e JOSÉ JAVIER DE CASTRO FERNÁNDEZ, “Castilla y León, Castillos y Fortalezas”, páx. 77.

81. EDUARDO PARDO DE GUEVARA Y VALDÉS, “Los señores de Galicia, Tenentes y Condes de Lemos en la Edad Media”, tomo I, páx. 242.

82. FERNANDO URGORRI CASADO. “Nuevos datos sobre el primitivo concejo de As Pontes”. Doc..nº12.

83. E.P.G.V, “Los Señores...”, Tomo II, apéndice documental, páx. 252, doc. 242.

O fillo Rodrigo Álvarez desposarase á súa vez con Aldonza Enríquez, que era filla de Alonso Enríquez, (Iº Almirante de Castela e Iº Señor de Medina de Rioseco) e de Juana de Mendoza. Emparentou con alta nobreza castelá, xa que o Alonso Enríquez era fillo do infante Fabrique de Castilla e da cordobesa Leonor de Angulo<sup>84</sup>.

Fabrique era fillo de Afonso XI e Leonor Núñez de Guzmán e irmán favorito de Henrique II. A Rodrigo e Aldonza sucedéralle o seu fillo, chamado Pedro Álvarez Osorio, chamado así en recordo do seu avó paterno; quen á súa vez casará dúas veces: A primeira con Beatriz Enríquez de Castro, de quen era sobriño, xa que o seu pai Pedro Enríquez, conde de Trastámarra, Lemos e Sarria, era fillo á súa vez do infante don Fabrique e Leonor de Angulo. Pedro Álvarez recibirá o título de I Conde de Lemos con carácter hereditario, o 26 de xuño do ano 1456, de Henrique IV, cando estaba xa viúvo de Beatriz Enríquez. Casou en segundas nupcias con María de Bazán, filla de Pedro de Bazán, I Conde de Palacios de Valduerna e de Mencía de Quiñones<sup>85</sup>. De ambos os dous matrimonios deixou ampla descendencia, polo que o sangue “do das Pontes”, será levado polos condes de Lemos, os señores de Montaos, polos descendentes do mariscal Pardo de Cela e os condes de Trastámarra.

O herdeiro de Pedro Álvarez Osorio e de Beatriz Enríquez será Alonso Osorio de Castro, que morrerá en vida do seu pai. Sobre a filiación do II de Lemos, Rodrigo Osorio, existen dúas teorías. A oficial de frei Malaquías, que o fai fillo natural de Alonso Osorio e unha parente súa chamada Mayor de Valcarcel, filla de Rodrigo Álvarez de Valcarcel e Leonor Fernández; e a do Conde do Castelo, que nos anos trinta desenvolveu a teoría de que foi o conde vello de Lemos, Pedro Álvarez Osorio, quen tivera relacions coa mesma moza e fixera pasar por neto a quen fora en realidade o seu fillo<sup>86</sup>.

- **Leonor García**, quen casará con Lope Alonso de Lemos, señor de Amarante, Ferreira e Sober.

## GARCÍA RODRÍGUEZ DE VALCARCEL -VII-. A CASA DE SOBER

Do matrimonio de Leonor García con Lopo Alonso nacerá Alonso López de Lemos e Valvoa, señor de Amarante, Ferreira e Sober, señoríos que recibira polo seu pai e señor de Doncos polo sangue materno dos Valcarcel e Valvoa. Casou dúas veces, a primeira con Elvira López de Marzo ou Marzoa e a segunda con Berenguela López de Ribadeneira, viúva de Baltasar Sánchez da Ulloa e filla de Álvar Gonzalez de Ribadeneira, señor de Torés e Tereixa Fernández. Berenguela testou o 6 de xaneiro de 1485 na súa casa de Noceda, As Nogais<sup>87</sup>.

84. *Ibidem*, Tomo I, pág. 303.

85. EDUARDO PARDO DE GUEVARA Y VALDÉS, “Los señores de Galicia, Tenentes y Condes de Lemos en la Edad Media”, tomo I, pág. 303.

86. *Ibidem*, páx.. 418 á 46.

87. LUIS LÓPEZ POMBO, “Castillo de Torés, en el municipio de As Nogais, Lugo”, *Boletín nº3 de Estudios de Genealogía Heráldica y Nobiliaria de Galicia*. pág. 186.

Do seu primeiro matrimonio tivo a maior parte da súa descendencia, entre a que se inclúe o herdeiro da casa de Sober e Amarante, chamado Diego de Lemos, o famoso capitán irmandiño; e a García Rodríguez de Valcarcel VII, que herdará os señoríos da súa avoa Leonor García, señora de Doncos<sup>88</sup>.

Este García Rodríguez VII estivo na órbita do seu parente, o Iº conde de Lemos, Pedro Álvarez Osorio. No ano 1446 o conde pide perdón ao rei Xoán II polo seu apoio ao rei de Navarra, e no documento seguinte queda constancia da súa filiación<sup>89</sup>:

*“...Por ende, de mi propia e libre e agradable voluntad de jamás non ser contra la voluntad de vos, el dicho señor Rey, más antes dexadas todas otras opiniones e aserções e todas otras cosas e chasas e rasones que sean o ser puede servir e seguir e obedescer a vos, el dicho señor Rey, como rey e soberano señor fazer e cumplir vuestro mandado, juro a Dios e a Santa María e las palabras de los Santos Evangelios e a esta señal de la cruz + con mis manos tocada. E otrosy fago pleito e omenaje, una e dos e tres veces, en manos de García de Valcárcel, fijo de Alfonso López de Lemos, cavallero e ome fijodalgo, que esta presente e lo recibe de mí...”*

Deste derradeiro García Rodríguez VII descenderán os Valcárcel do século XVI, os cales seguirán sendo parentes próximos e vasalos dos condes de Lemos, e continuarán establecidos como os seus devanceiros, a cabalo entre Galicia e as terras do seu Bierzo natal.

88. X. CARLOS BREIXO RODRÍGUEZ. “Ciclo de conferencias sobre García Rodríguez de Valcarcel”.

89. EDUARDO PARDO DE GUEVARA Y VALDÉS, “Los señores de Galicia, Tenentes y Condes de Lemos en la Edad Media”, tomo II, apéndice documental, doc. 67, pág. 83.

## APÉNDICE DOCUMENTAL

### I

1308. Xuño, 24.

*Maria Fernández, viúva de García Rodríguez de Valcarce, deixa ao mosteiro as súas propiedades de Toral de los Vados con todo o seu señorío.*

Ref.: QUINTANA PRIETO, A.- Temas Bercianos, vol. II, pág. 476.

Eu, donna Maria Fernandez, muller que foe de Garcia Rodriguez de Valcarce, que Dios perdone me quito, y me partio para sempre jamays de la vila de Toural, con todo sou senorio que nos seu el rey don Sancho, que Dios perdone, e nos confirmou el rey Don Fernando, sou fijo, que Garcia Rodriguez, que Dios perdone, e eu Donna María vos diemos al monasterio de Sancta María de Carracedo por nosas almas, e a la capilla de Sancti Cristofori, por muy bona carta seellada con nossos seallos pendentes, e signada de escribano público, e por bienes que ende recibimos, e asperarmos e recivir daque endelante por nosas almas.

E eu, donna María, teniendo este sobredito lugar de Toural por en mia vida del monasterio sobredito, e entiendo que no era provecho de mia alma, nem de García Rodriguez de lo tener, quitome e partiome del para siempre jamays, e doulo al abat don frey Johan Lópes, e al convento del monasterio sobredito e a los sucessores que desploys de vinieren, que fagan del lugar sobredito toda sua voluntad assi como de todos los outros ferdamentos seus propios.

E vos, don frey Johan Lópes, e convento sobreditos e vostros sucessores, que diedes a mi, donna María Fernández sobredita, mentre eu vivir cent e sesenta maravedises de a ocho soldos el maravedi por la fiesta de sant Miguel de vendimias cada anno, por el lugar sobredito de Toural, e por todas las cousas que y ganamos, e compramos García Rodriguez, que Dios perdone, e eu donna María sobredita, o y podemos ganar o comprar en todos los dias de la nossa vida.

Otrosí me quito eu donna María, de la vinna que chaman Rabo de Oro, que yas so el signo de la campana de Sant Martino de Peneyros, que era mia la metad, e seja la vinna sobredita toda vossa entregamente, con mitad otra que os dió García Rodriguez, mio marido, que Dios perdone.

E vos don abad, e convento sobreditos, que me diedes cada anno, quantos annos eu vivir en tempo de vendimias en Sorriba al voso lagar oyto medros de vino mosto, e oyto cestos de bullo por aquel cesto que vos echades a las vossas cubas.

Otrosí eu donna Maía sobredita, dou a vos don abad, e convento sobreditos, oyto yenguas, e una poltra por mia alma, e de García Rodriguez, para refasemento de la nossa capilla de Sant Cristovo sobredicha, enque yo prometo mio corpo e soterrar, que vos nos diestes en vosso monasterio. Estas yenguas y esta poltra, vos dou logo en presente, que seyan vosas para sempre jamays; e se nasceren destas yeguas mulachos, e mulachas, ou potras, que haya eu donna María las duas partes por en mios dias, para mio mantenimiento, e vos don abad e convento, la tercia parte. E se

**CÁTEDRA. Revista eumesa de estudios**

nasceren poltras femias, dou estas yenguas ante mio quitas la ditas yenguas con todos seus frutos e sen outro encargo nenguno.

E se algún de mi fillos, o de mias fillas, e outro de mia parte contra esto quisier passar, aya la ira de Dios, e la de Sancta María, e la mia maldicion, e la de seu padre, Garcia Rodriguez, e que pechen a vos don abat, e convento seis mil maravadeses, e non seja creido, nen oido ante rey, nen ante juyz, nen alcalde, etc.

E eu frey Johan López, abad sobredito, e o convento, outorgamos de cumplir a vos donna Maria Fernandez, todas las cousas que en estas cartas dis que vos nos debemos a fasser, etc.

E las parte rogamos a Pedro Fernandez, notario público en cacavellos, por don Rodrigo, arzobispo de Santiago, que fesese desto duas cartas partidas por A.B.C. etc.

Feytas vinte e quatro de Junio, era de mil e trecentso e quarenta s seys annos.

Los testimonios que foron presentes: Frey Alfonso, prior; frey Johan Vermudez, soprior, frey Pedro, cellareyro, frey Johan Martinez, fisico; Fernán García, Fernán López, etc. moradores en Villafranca; frey Tomé, prior de Sancta Marina.

Yo Alfonso Pérez las escriví por mandado del notario sobredito.

E yo, Pedro Fernandez, notari sobredito, etc.

## II

1308. Setembro, 15. Sahagún.

*Fernando IV confirma a doazón de Toral de los Vados ao mosteiro, feita por María Fernández, viúva de García Rodríguez de Valcarce.*

(O copista, no folio 351, anota á marxe do número 738 o seguinte):

Con este pergamino está una copia simple, en papel notada a la espalda con el número 9, de un privilegio del rey don Fernando IV, dado con sello de plomo en San Fagum XV dias de Septiembre, era de M. CCC. XL. VI, por el qual referiéndose el rey que García Rodriguez de Valcarce, a quién avia confirmado la donación de Toral que el dicho su padre la havía traspasado por su alma y la de esta donna Maria Fernandez.

Lo confirma el rey como se le pedía.

## III

1328. Setembro, 23.

*Testamento de García Rodríguez de Valcarce, adiantado maior de Galicia.*

Ref.: Martín Martínez Martínez. Cartulario... Vol. II, doc. 813, pág. 136.

Era de mil e tresentos e sesenta e seys annos, vinte e tres días de setembro.

Sepan quantos este testamento viren, como eu García Rodrigues de Valcarce, adelantado mayor, por el rey en Galicia, sano e con saude, e con todo meu entendemento, qual me lo Deus quiso dar, ordeno, es estableesco meu testamento en esta manera:

Mando mi alma a Deus, e a Sancta María, e mando suterrar mio corpo en mia capella que eu fis en Sancta María de Carraseco, e mando y conmigo a mia cama, e a mellor acemellas que trover a dia de meu finamento.

E en otra parte dice assí: Yten mando que aquello herdamentos que eu mandey a la mia capella de Carrasedo, que llos tenga o capellán que y diser la misa, e las oras; e o capellán que receba os bienes dellos, e se provea por llos; e rogo al abade que le faza y decir las oras cada dia.

Iten, mando al monasterio de Carrasedo, aquel heramento que eu comprey en Villafranca de frey Gonzalvo Fernandes, freyre della orden de los predicadores, e mando quella aya monasterio de Carrasedo por tal condición, que el abad e el convento dia una carta la mays firme enque me eu mando suterrar un capellán que diga cada dia missa, e las outras oras canónicas para sempre jamays en la dita capella por mia alma, e das mias mulleres, de que eu soy tenido e y fougueren enterradas en la dita capella.

E Outrosy mando al abad, e conveto de Carrasedo quanta herdade eu comprey en Toural e en Carrasedo, con aquello alque y avía comprado e ganado.

E en lugar dice asy: E se algún dellos meus fillos e fillas, en alguna manera contra este meu testamento, o contra parte del quissier pasar, aya la mia maldición, e quanto lle eu mandar en o meu testamento, que lle non seja vallioso, e que se torne alos outros meus fillos.

Testimoya deste testamento: Alvar Fernandes; Alvar García, Macía Gomes; Mendo Gonzales; frey Gonzalo; frey Joan García, etc.

Eu Gonzalo Yannes, notario sobredito, etc.

## IV

1349. Outubro, 18.

*Fernando Rodríguez de Valcarce dá ao mosteiro todas as súas propiedades de Frieira.*

Ref.: Martín Martínez Martínez. Cartulario... Vol. II, doc. 860, pág. 170.

Eu Fernán Rodríguez de Valcarce e de Valboa, e sennor de terra de Aguiar, por moyto ben e ajuda que me vos frey Diego, prior del monasterio de Carracedo, e el convento, e los procuradores fesestes, douvos que ayades por herdade todas las couosas que eu ayo en Frieyra, su signo de Sancta María deste dicho lugar, segund que lo avía García Rodges, meu tío por nome de la compla que fesso García Rodríguez, meu avoo, de don Pedro Fernandes de Castro, con todas las otras herdades que y compló el dicto García Rodrígues, meu avoo, convén a saber: portages, foros, eradas e sennorío, e mollineyras, e pesqueyras, e fruytos onde quier que os posardes achar, e todas las outras couosas que me a mi pertenescen, e pertenecer deben en cualquier manera e a dita vila da Freyra desde la grand couusa ata la mays pequenna.

E estas couosas sobreditas vos dou que los ayades depoys de lo dia de meu finnamento por jur de costra herdade para vender, e donar, e sopianorar e nallenar, e concavear, etc.

Otro sy por lo ben e merced que me vos, prior e convento, e procuradores sobreditos fesestes segund que se contén en la carta de las encomiendas, que me vos destes, otorgo e prometo a bona fee de vos las cumplir, e guardar, e de vos amparar, e defender segund que se en la dita carta contén, etc.

E por que esto sea firme e non venga en dubda, deuvos esta carta sellada con mío seollo pendente, e en que escriví mio nome con mia mano.

Feyta dese oyto dias de octubro, era de mil e tresientos e oyntenta e sete annos.

Eu Fernán Rodrígues, puno y meu nome seollo pedente.

Testes: gil Rodrígues, Diego Lópes de Veyga, Fernán Péres de Villarello, garcía Gonzales de Noceda, e outros.

## V

1364. Febreiro, 12. Lugo.

*Lectura e testamento de García Rodríguez de Valcarce.*

Ref.: González F. Fundación e dotación...páx. 135.

Era de mil e quatrocentos e dous annos, XII días de Febrero.

En Lugo, en presencia de mi Gonzalvo Péres, notario público de Lugo por el pôpulo deste lugar, e das teste subscriptas, frey Johan de Ubida, monge e procurador de monesterio de Sancta Maria de Carrasedo, pareceu ante frey Conzalvo Eanes de Castroverde, vicario general do onrrado sennor don frey Pedro Lópes, por la gracia de Deus obispo de Lugo, e presentou antel o testamento de García Rodríguez de Valcarcer, feito e signado de Pedro Domingues, notario de Villafranca de Valcarcer, e scripto en purgaminho feito en o thenor sobredito, etc.

Entre as mandas e clausulas que fasian en o dito testamento eran escritas en él estas clausulas e mandas que se siguen:

Primeramente ofresco, e encomento el mio corpo, e la mia alma a Deus Parde, e Sancta María, e a sant Miguel Angel, e a todos los sanctos e sanctas de la corte celestial.

Et quando Deus tover por ven de faser sua volontade de mi que yo finar, mando que de qualquier lugar que yo finar, que le leben el meu corpo meu bien e onrradamiento e la yglesia de Sancta María de Carrasedo, e que me suterren e a dita iglesia, en a capella ut jaz el dito García Rodrigues, meu padre.

E las mandas que yo mando son éstas:

Primeramente, mando a la capella de Carrasedo, que edificou meu padre por minna alma e satisfasemento do aquello a que yo sou tenudo a Deus todo quanto yo ayo, casa e herdades, e pobro de gnado, e todas las cousas que eu ayo, e debo aver en Villaverde, e en todos seus términos que yo ayo, e herdo por parte del dicho Garcia Rodrigues, meu padre. E mando que paguen a o abade de Carrasedo mil e dosentos maravedises quelle yo debo de una mula que lle comprey por quel de min ten esta herdade en pignores.

Et esta herdade mando alla dita capella por jur de sua erdad sub aquellas penas, e por aquellas condiciones que el dito meu padre mandou ha outra herdade en seu testamento a la dita capela e mando y mays commigo meu finamento la mellos asemella que o aver, e toda roupa de nostra cama, e alfamonerias en lo dia que me y suterrasen que dian al convento dy una pitanza, ou cent maravedises para ella.

Iten, mando al monasterio de Carrasedo por emenda s satisfacimento do mal. e danno que lle yo fis en a granja de Carrasedelo, e en outros lugares du lo yo fis, que ayan por jur de herdade,

toda la herdade que eu ajo en Cubelos, e que y comprou meu padre, García Rodríguez, e en todo seu término segunt que la yo ajo ela y García Rodrigues comprou.

Outro si le mando mays, toda la herdade que ajo en Orta, sub signo de Sant Johan, e en todo seu término, e que me pertenesce de antes por parte del dito meu padre, que aya todo por jur de herdade.

E pezo por Deus, e por mesura al abade e convento del dito lugar que me queyran perdonar la mays a que lles yo soy tenudo e rogar a Deus por mi.

Iten mando cantar por minna alma, e de García Rodrigues, meu padre, en aquelles lugares ut meus cabeceros viren que serán mays conbenibles y mays pront de minna alma, mill misas de sacrificio, e as fagan logo de cantar o mays cedo que poderen.

Has quaes clausulas que en o dito testamento jasian, o dito freu Johan diso a o dito vigario que comprian a él, e a o dito seu monasterio de Carrasedo, e por ende que lle pedía que mandase a mi notario que has tirase de dito testamento e has signase do meu signal. Et o dito vigario visto o dito testamento e as ditas clausulas mandou a mi notario que has tirase do do dito testamento, e elas tiradas que las signase de meu signal de as quaes el deu autoridade, e mendou que valuesen, e fesesen fe en todo lugar ut parescieres en assy como o dito testamento.

Et eu notario sobredito a pertición de dito frey Johan, aquí por minna mano tirey as ditas clausulas do dito testamento e signeyas de meu signal fectas en Lugo era, e dia sobreditos.

Testigos que viron o dito testamento: Frey Jácome, prior de san Domingo de Lugo, Johan Ares de Fava, clérigo, e Hohan Arseycointon, morador en Lugo, e Gonzalo de Lovea, scripvano. Signo.

## VI

1389. Maio, 22. Carracedo.

*O mosteiro afora a García Rodríguez de Valcarce todas as propiedades de Ambasnestas.*

Ref.: Martín Martínez Martínez. Cartulario... Vol. II, doc. 860, pág. 170.

Anno del Nascimiento de mil trescentos e ochenta y nueve annos, vinte e dos dias de Mayo.

Nos, don frey Alvaro, por la gracia de Dios abad de Carracedo, e nos el prior, e convento en el cabildo, etc.

Por quanto el nostro lugar e sennorio del lugar de Ambas Mestas, que es sub campana de Sant Pedro del dicho lugar, jas en yermo pasa por espacio de cinquenta annos, e mas; e por quanto non avemos proveyto de las dichas heredades, e bienes, aforamos a vos García Rodríguez de Valcalcel, e a vostra muger, Ynés Fernández, e o vostro fijo Pedro García, en vida de vos todos tres, todas las herdades e sennorío, e iglesario, que son las tres quartas del dicho lugar.

Por tal pleyto que fagades casas en el dicho lugar, e pongades en ellas probradores e los que y moraren que resciban a nos e a nostros monges, e ombres, e bestias quando por y acaescieren sin dineros; e nos desde cada anno de fuero tres libras de cera en paz y en salvo en el monasterio, e que non podades bendere, etc.

E al fin del postrimero de vosm que nos fique dichos bienes libres e quitos, e las casas bien feytas, e bien paradas con todos los buenos paramentos, etc.

E yo, el dicho García Rodrigues, por mi, e por mi muger, e por mi fijo, así rescivo de vos el dicho senor abad, e prior, e convento, e rogamos, e mandamos a García Fenandez, notario publico de Cacavellos, por el mucho onrrado sennor don Johan, arzobispo de Santiago, que fesese desto dos cartas signadas de seu signo, etc.

Otorgada fue en el dicho monasterio, anno, e dia e mes de susodichos.

Testes que presentes foron; Frey Vasco, prior, frey Johan, soprior, frey Fernando, sanchristán, frey Gonzalo de Neyra, frey Nunno, frey Johan de Sant Martino, e frey Liope Mendes, monges del dicho monasterio; Gonzalo Yannes, alcalde de Cacavielos; Alfonso Candín, Clérigo; Johan Froytoso, e Fernando de Vaquerizo, omes del abad.

